

PROGRAMA COMPARTE	
EN QUE CONSISTE?	<p>Conxuntamente a Universidade da Coruña (campus de Ferrol) e o Concello de Ferrol puxeron en marcha o programa "Comparte".</p> <p>Os seus obxectivos son sociais e solidarios xa que pretenden dar resposta, tanto as necesidades de compañía e apoio das persoas maiores, como ás necesidades de aloxamento dos estudantes universitarios.</p>
QUEN PODE PARTICIPAR?	<ul style="list-style-type: none"> • As persoas maiores de 60 anos que vivan soas e sexan autónomas por se mesmas, e non realicen actividade laboral remunerada. • Os/as estudantes universitarios/as matriculados/as nunha titulación universitaria do campus de Ferrol tanto nun grao, mestrado ou doutoramento maiores de 18 anos e menores de 35 anos que non sexan residentes en Ferrol.
COMO PARTICIPAR?	<ul style="list-style-type: none"> • <u>ESTUDANTES:</u> <ul style="list-style-type: none"> ○ Universitarios/as matriculados/as en titulacións oficiais da Universidade da Coruña do campus de Ferrol. ○ Terase en conta a situación persoal, económica e académica do alumnado. ○ Terase en conta a distancia desde a residencia habitual. ○ Valorarase a motivación, hábitos e estilo de vida, disponibilidad e as contraprestacións que estea disposto/a a ofrecer. ○ As persoas preseleccionadas serán entrevistadas. • <u>PERSOAS ACOLLEDORAS:</u> <ul style="list-style-type: none"> ○ Deberán dispoñer dunha vivenda coas adecuadas condicións de habitabilidade e con posibilidade de aloxar ao/á estudante. ○ Terase en conta a situación persoal, o estado de saúde, o estado da vivenda, as motivacións, os hábitos e estilo de vida. ○ As persoas preseleccionadas serán entrevistadas e posteriormente realizarase unha visita ao seu domicilio.
COMO SE SOLICITA?	<ul style="list-style-type: none"> • As solicitudes segundo o modelo normalizado que deberá presentarse na unidade administrativa seguintes: <ul style="list-style-type: none"> ○ Rexistro único municipal do concello (Edificio de concello, praza de Armas, s/n) se es unha persoa maior ○ Rexistro auxiliar de Estudantes do Campus de Ferrol se es un/unha estudante (Edificio de Apoio ao Estudo, avda. Vigo, s/n).
CANDO SE SOLICITA?	<ul style="list-style-type: none"> • Durante todo o ano, priorizándose a data de recepción das solicitudes e segundo os criterios de selección.
COMO É A SELECCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Unha vez recibidas as solicitudes dos/as estudantes e das persoas maiores a comisión de constitución, valoración, resolución e seguimento do programa porase en contacto cos solicitantes. • A convivencia iníciase cun acordo dun mes de proba. • No acordo/contrato privado que ambos asinen indícase as prestacións comprometidas por cada unha das partes por escrito. • Durante a convivencia, realizarase un seguimento pola comisión.